

Área: Competicións

Circular nº 27 - Temp. 25/26

ACLARACIÓN COMPETICIÓN 2ª AUTONÓMICA MASCULINA

Tras as consultas recibidas por parte de diferentes clubs implicados na competición de 2ª Autonómica Masculina, relativas ao suposto de que o equipo **SAR Globarmar** poida ocupar o primeiro posto da clasificación unha vez rematada a Segunda Fase da Competición, dende a Federación Galega de Balonmán antes de que se dispute a última xornada, queremos aclarar os seguintes aspectos:

1. O equipo “SAR Globalmar” de Segunda Autonómica Masculina, é filial do equipo “SAR Opmobility”, que actualmente milita na Primeira Autonómica Masculina e que acadou a clasificación para a Final 4 da súa categoría, onde podería acadar unha praza na Fase de Ascenso á división de Primeira Nacional Masculina.
2. A espera da disputa da derradeira xornada, o 5º clasificado do Grupo Título e o “Ojo De Nómada Balonmán Narón” disputarán a Eliminatoria pola Final 4 de 2ª Autonómica Masculina.
3. A Eliminatoria pola Final 4 de 2ª Autonómica Masculina disputarase a fin de semana do 2-3 de maio de 2026, coincidindo coa celebración da Final 4 de Primeira Autonómica Masculina.
4. Compre lembrar que segundo as bases de competición, a Final 4, é a fase que determina a clasificación da tempada 25/26 para os postos do 2º ao 5º, respectando sempre o 1º clasificado resultante da 2ª fase.
5. O resultado do equipo de superior categoría “SAR Opmobility” na Final 4 de Primeira Autonómica Masculina, non modifica en ningún caso os equipos que disputarán a Final 4 de Segunda Autonómica Masculina.
6. En calquera caso, en Segunda Autonómica, disputarán a Final 4: o 2º clasificado, o 3º clasificado, o 4º clasificado, e o gañador da Eliminatoria pola Final 4 entre “Ojo De Nómada Balonmán Narón” e o 5º clasificado do Grupo Título da 2ª Autonómica Masculina.

7. Polo tanto, no caso de que o equipo “SAR Globalmar” de Segunda Autonómica Masculina ocupe o primeiro posto ao remate da Segunda Fase da Competición, é recomendable que todos os equipos teñan claros os seguintes supostos:
- √ “SAR Globalmar” sería campión de liga 25/26.
 - √ Se o equipo de superior categoría “SAR Opmobility” na Final 4 de Primeira Autonómica Masculina **acada a praza** para a Fase de Ascenso a Primeira Nacional, habería que esperar ao resultado desa fase, xa que un ascenso do “SAR Opmobility” a Primeira Nacional, permitiría un ascenso do equipo de Segunda Autonómica “SAR Globalmar” a Primeira Autonómica para a tempada 26/27.
 - √ Se o equipo de superior categoría “SAR Opmobility” na Final 4 de Primeira Autonómica Masculina **non acada a praza** para a Fase de Ascenso a Primeira Nacional, o equipo de Segunda Autonómica “SAR Globalmar”, non podería ascender a Primeira Autonómica para a tempada 26/27, pero seguiría sendo Campión de Liga 25/26. Polo tanto, os equipos que xoguen a final da Final 4 de Segunda Autonómica, serían os ascendidos a Primeira Autonómica, xa que serían oficialmente o 2º e 3º clasificado da tempada 25/26.

Esperamos ter resoltas as dúbidas que puideron xurdir ao respecto deste suposto

En Vigo a 24 de abril de 2026.

